



## **CONVOCATORIA DE RESIDENCIAS ARTÍSTICAS E DE INVESTIGACIÓN "ATOPÉMONOS BAILANDO" PARA PROFESIONAIS DE GALICIA, RESTO DO ESTADO E PORTUGAL**

Colectivo Glovo en colaboración co Concello de Lugo e o apoio de Agadic - Xacobeo 21-22 - Xunta de Galicia presenta as bases da Convocatoria de residencias artísticas e de investigación "Atopémonos Bailando" para profesionais de danza e artes do movemento.

### **Obxecto da convocatoria**

Chámase a profesionais da danza e artes do movemento a presentar os seus proxectos para a realización dun máximo de 6 residencias artísticas e/ou de investigación (exclúense residencias técnicas) para ser realizadas entre os meses de abril a novembro de 2023 (catro delas de duración estándar en Lugo (Galicia) e dúas en réxime de intercambio con estruturas de Portugal e Costa Rica con outra duración):

- artistas con sede en Portugal
- artistas con sede en España

O programa de residencias artísticas e de investigación "ATOPÉMONOS BAILANDO" 2023 posibilita tamén o **intercambio de dúas das residencias** seleccionadas a través da presente convocatoria con outros dous programas de residencias internacionais.

Estes intercambios son froito das recentes colaboracións entre as Residencias AB de Lugo con entidades de **Portugal e Costa Rica**.

### **Período de solicitude**

Do 27 de Xaneiro ao 15 de Febreiro de 2023.

### **Período de realización das residencias**

Do 1 de Abril ao 30 de Novembro de 2023.

### **Duración das residencias**

Mínimo 5 e máximo 10 días (a residencia en intercambio con Costa Rica poderá ter unha duración de ata 4 semanas).

### **Tipoloxía das residencias**

Residencias de investigación ou creación de artistas individuais ou equipos que fundamenten o seu traballo artístico arredor do movemento e o corpo.

### **Espazo destinados ás residencias**

- Museo MIHL de Lugo.
- Espazo *teatromosca* de Portugal: AMAS - AUDITÓRIO MUNICIPAL ANTÓNIO SILVA.
- Sede SÓLODOS Costa Rica.
- Taller Nacional de Danza de Costa Rica.

### **Compromisos do artista**

- Realizar a residencia no período acordado por ambas partes.
- Firma do contrato antes do inicio da residencia.
- Realizar unha actividade de mediación: sesión aberta da residencia para a comunidade local e/ou comunidade artística de Galicia ou realizar un taller (a definir pola solicitante).
- Realizar unha memoria descriptiva da residencia (máximo 5 páxinas) e entrega nun prazo máximo de 15 días desde a finalización da residencia.
- Autorizar o rexistro en vídeo e foto da residencia.
- Incorporar os logotipos de Colectivo Glovo, Concello de Lugo e Xunta de Galicia na documentación que xenere o proxecto así como compartir e etiquetar en redes sociais aos mesmos. As residencias en intercambio engadirán ademais os logotipos das estruturas que os acollen no país anfitrión.
- Respectar as instalacións e o entorno.

### **Compromisos do artista (selección Costa Rica)**

- Para concorrer á selección do intercambio coa entidade de Costa Rica é imprescindible ter disponible un máximo de 4 semanas consecutivas entre os meses de outubro e novembro de 2023, ademais de cumprir coas bases xerais.

### **Aportacións da entidade a través da convocatoria**

- Rexistro audiovisual da residencia.
- Remuneración: Entre 700€ e 2000€ (IVE incluído) por residencia. Realízase o pago coa entrega da memoria e a factura correspondente ao final do período de residencia.

### **Para o intercambio con Costa Rica – Taller Nacional de Danza Costa Rica e Plataforma SÓLODOS Costa Rica**

- Proporcionaranse e xestionarán os billetes de avión a Costa Rica, ademais dos seus traslados, aloxamentos e manutención durante toda a residencia (4 semanas).

### **Para o intercambio con Portugal – *teatromosca***

- Proporcionaranse e xestionarán as viaxes a Portugal, ademais dos seus aloxamentos e manutención durante toda a residencia, así como diferentes encontros con profesionais e programadores do sector.

**Todos os gastos das residencias correrán a cargo dx solicitante.**

### **Documentación a aportar**

Enviarse ao email [atopemonosbailando@gmail.com](mailto:atopemonosbailando@gmail.com) a seguinte documentación **NUN ÚNICO PDF** (en galego, castelán, portugués ou inglés) co asunto **RESIDENCIAS ATOPÉMONOS BAILANDO 2023 + NOME DO PROXECTO**:

- Dossier descriptivo dos obxectivos da residencia, metodoloxía, contidos e links a traballos anteriores (máximo 5 páxinas).
- Duración da residencia e estrutura do traballo a desenvolver e proposta de actividade de

mediación (contidos, público destinatario e duración) (máximo 2 páxinas).

-Currículum do equipo artístico e técnico do proxecto (máximo 1 páxina por artista).

-Datos completos da residencia fiscal do solicitante, relación de DNI dxs participantes na residencia e rol no proxecto.

-Deberá especificar claramente se está intersad@ no intercambio con Costa Rica e con Portugal ou soamente participa para a residencia en Lugo.

### **Valoración e resolución da convocatoria**

Nomearase unha comisión de valoración de proxectos formada por profesionais do sector.

Resérvase aproximadamente un 50% das residencias para profesionais de Galicia.

Publicarase a resolución a inicios de marzo de 2023 na páxina web de [www.atopemonosbailando.com](http://www.atopemonosbailando.com) e nas súas redes sociais.

[www.atopemonosbailando.com](http://www.atopemonosbailando.com)

Co-organizan

G L O V O

colectivo en danza  
[www.colectivoglovo.com](http://www.colectivoglovo.com)



Co apoio de



XUNTA  
DE GALICIA



teatromosca



Taller Nacional de  
DANZA

SÓLIDOS